



## GOLFIÑO nº 11, ano 2008, IES Cabo Ortegal

**PORTADA** ..... **Emiliano M. Pérez Freire**

**FOTOGRAFÍA** ..... **Lara Fontela Alvelo**  
**Mari Carmen Luaces Martínez**  
**Socorro Rey Rego**  
**Beatriz Fernández Mourente**

**MAQUETACIÓN** ..... **Socorro Rey Rego**

**REDACCIÓN** .....  **Lara Fontela Alvelo**

 **Noel Yáñez Rubido**

 **Mari C. Luaces Martínez**

 **Ángela Valadés Armada**

 **Carlos Garrote**

**Socorro Rey Rego**  
**Beatriz Fernández Mourente**

**COORDINACIÓN** ..... **Socorro Rey Rego**  
**Beatriz Fernández Mourente**

**IMPRESIÓN** ..... **Mundograf**



# CONTIDOS

AGRADECEMENTOS .....	4
EDITORIAL .....	5
PRESENTACIÓN DO GOLFIÑO X .....	6
ENQUISA: Imos mercar roupa.....	8
CARIÑO NO TEMPO: Como se construíu .....	12
ENTREVISTAMOS A ...: Breogán Riveiro.....	14
CERTAME “SANTO ANDRÉ”: Apartado artístico .....	18
ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN: Grupo de teatro <i>Mariño</i> e Conta contos .....	19
TRABALLOS DE AULA .....	20
EXPOSICIÓNS .....	40
II CICLO DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL .....	44
OS NOSOS EX ALUMNOS E ALUMNAS .....	45
DECORAMOS O INSTITUTO .....	47
AS NOSAS FESTAS: Nadal, Entroido, Letras Galegas .....	51
DEPORTE NA ESCOLA .....	60
VIAXES: Salou, Madrid, Lugo, Ferrol, Canóns do Sil, Manzaneda, Cíes .....	66
FIN DE CURSO .....	89
DIPLOMAS XUÑO .....	91
AXENDA 2007-2008 .....	93
PASATEMPOS .....	96
BENVIDOS .....	99



# **AGRADECEMENTOS**

Ante a petición de axuda que fixemos dende a redacción ás empresas e establecementos locais só algúns responderon e colaboraron con nós axiña. Por esta razón queremos agradecerlles as súas achegas a:

**LIBRERÍA AGARIMO**

**LIBRERÍA ABRENTE**

**DEPORTES LUIS**

**FOTO LUISMY**

**CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL**

e

**INFOSYSTEMS**

Tamén queremos dar as grazas, pola súa colaboración desinteresada, aos profesores e profesoras que contribuíron cos traballos dos seus alumnos para a revista ou con calquera outra achega persoal: Consuelo Benito, Paula Rodríguez, Cristina López, José Luis López, Elisa Álvarez, Patricia Ferro, Consuelo Bouza, Paco Barge, Teresa Seara, Enrique Roger, Luz Insua, Beatriz Otero, Raquel Paz, Helena González,...

**MOITAS GRAZAS A TODOS E TODAS!**



# EDITORIAL

Novamente estamos con vós e esta vez traemos máis novas ca nunca. Recordámosvos que tamén nos podedes atopar na páxina web do centro (<http://centros.edu.xunta.es/iescabootegal>) onde atoparedes todos os números da nosa revista.

Comezamos coa presentación do *Golfiño X*, á que asistiron o equipo de redacción, antigo e novo, e os colaboradores dalgunha das seccións da revista.

Coa nosa enquisa descubrimos máis cousas interesantes sobre o alumnado do noso centro e os seus hábitos diarios fóra del.

Tamén, como cada ano, volvemos a nosa mirada á historia do pobo e vemos os cambios que sufriu ao longo do tempo.

As entrevistas deste ano foron diversas xa que contamos cun escritor, con deportistas dedicados ao fútbol e con ex alumnos e alumnas do instituto que xa dispoñen dun espazo fixo dentro da nosa revista onde nos contan como lles vai despois de deixarnos e que fan na actualidade.

Coma sempre, a creatividade literaria e artística dos rapaces e das rapazas quedou de novo plasmada na gran cantidade de traballos que prepararon para celebrar as nosas festas de Nadal, Entroido e Letras Galegas. Ano tras ano vanse incorporando novas actividades e novos membros como os alumnos e as alumnas do CEIP Manuel Fraga Iribarne que traballaron asiduamente connosco.

As viaxes realizadas foron moi variadas xa que fomos a Barcelona e Salou, Madrid, Lugo, Ferrol, Canóns do Sil, Manzaneda e Illas Cíes onde compaxinamos momentos moi instrutivos e, como non, tamén de lecer. Quedaron algunhas por facer ... pero non houbo tempo para máis.

Ademais os máis deportistas puideron mostrar as súas habilidades participando na actividade intercentros Deporte na Escola na que tiveron que competir co alumnado de Ortigueira e de Neda.

Tamén saímos na “tele” e na prensa escrita despois dunha visita que fixemos ás instalacións de *Localia* e do *Diario de Ferrol*, e actuamos como auténticos reporteiros coa nosa entrevista a tres coñecidos xogadores do Racing de Ferrol C.F..

Finalmente, queremos que disfruteis cos nosos pasatempos, realizados por alumnos e alumnas do IES Cabo Ortegal para os lectores de *Golfiño*.

Esperamos que vos guste este novo número de *Golfiño* e o vindeiro ano vos animeades a participar.

Ata pronto!





# PRESENTACIÓN DO GOLFIÑO X



Os membros do Equipo de Redacción do Golfiño X botando a primeira ollada ao novo número, Mari Luaces, Noel Yáñez, Lara Fontela, Laura Ramos e Nicole Domínguez

No mes de outubro celebrouse na cafetería do instituto a presentación do número 10 da nosa revista *Golfiño*. Tanto o Equipo de Redacción da revista como os colaboradores da mesma recibiron obsequios doados polos establecementos colaboradores: DEPORTES LUIS, LIBRERÍA AGARIMO, LIBRERÍA ABRENTE, INFOSYSTEMS e a CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL, que convidou a todos a uns aperitivos no seu local:

- **O equipo de redacción do *Golfiño X*:**

- **Lara Fontela Alvelo**, un libro e unha memoria USB.
- **Mari Luaces Martínez**, un libro e unha memoria USB.
- **Ángela Valadés Armada**, un libro e unha memoria USB.
- **Noel Yáñez Rubido**, un libro e un vale de fotos.



Ángela Valadés e Mari Luaces mirando a revista



- **Yasmina Pardo González**, autora da portada do *Golfiño X*, un libro e unha mochila.
- **Laura Ramos Crego**, un libro e un vale de fotos.
- **Nicole Domínguez Castrillón**, un libro e un vale de fotos



**Yasmina, Gonzalo e Jéssica Rubido despois de recibir os seus agasallos**

- **Colaboradores da revista:**



- **Javier López Seco**, pola sopa de letras *Animais*, un libro.
- **Gonzalo Mariña Guerreiro**, por *A lenda da mica*, un libro.
- **Iago Montero Vizoso**, por *A lenda da Coruña*, un libro.
- **Jéssica Rubido Soto**, por *Benvidos a Salou!*, un libro e uns altofalantes.
- **Armando Santos Ribeiro**, por *Pobreza*, un libro.
- **Yves-Marie Bourdin**, por *Unha estadia encariñada*, un bolígrafo conmemorativo do 25 aniversario do Instituto.

**Javier, Iago Montero e Armando Santos nun momento do acto de presentación da revista**







# Imos mercar roupa






Este ano pareceunos interesante preguntarles ao alumnado do noso centro os seus hábitos á hora de ir a mercar roupa xa que todos eles amosan unha grande preocupación polo seu aspecto exteriorizado, principalmente, na súa maneira de vestir.

Feita a análise dos datos pódese concluír que, en xeral, non hai grandes diferenzas entre os alumnos e as alumnas das distintas etapas educativas agás nalgún aspecto puntual da enquisa.



Unha gran maioría do alumnado merca en calquera época do ano, vai acompañado dun familiar a centros de fóra do seu pobo e, principalmente, acode ás grandes superficies comerciais nas que hai variedade de tendas.











Para saber cales eran as tendas máis visitadas pedímoslles aos enquisados que nomearan as tres visitadas máis frecuentemente. Dos datos obtidos podemos afirmar, en primeiro lugar, que hai unha, Zara, á que van tanto rapaces coma rapazas de tódalas idades; e, en segundo lugar, que respecto ao resto das tendas hai diferenza segundo o xénero: mentres que os rapaces mercan, principalmente, na tenda deportiva Decathlon, en Springfield ou en Pull and Bear (os de máis idade), as rapazas fano en Bershka (a máis visitada), Stradivarius Pinkie ou Kiabi.



Á hora de decantarse por unha prenda son os/as alumnos/as da ESO os que miran máis a marca mentres que os de BACH. decántanse polo seu prezo. É interesante salientar que ninguén, agás os de 2º da ESO e 2º BACH. A, mira as etiquetas, o que indica que lles preocupa pouco ou nada a calidade e/ou a composición das prendas


Por outra banda, aínda que todos soen mercar accesorios que combinen coa roupa, son os de 3º ESO os que menos o fan. Respecto ao aforro de cartos para mercar roupa, accesorios, etc. vemos que só o alumnado de 2º B e 3º A da ESO e o de 1º A e 2º B de BACH. se declaman aforradores.





En canto a influencia da publicidade en revistas, tv., internet, ... na súas decisións á hora de mercar, a análise amosa que en tódolos cursos a maioría afirma que non están mediatizado por ela, agás o alumnado de 2º de BACH. que si considera a súa importancia nas compras.

Un dato curioso é o referente á súa consideración como consumistas xa que salvo 1º ESO, 4º ESO B e todo o Bacharelato, percíbense como non consumistas e mercan soamente cando o necesitan.



En canto a información sobre o consumo que lles podería interesar hai que dicir que case todos os grupos preferiren que fose, en primeiro lugar, sobre consumo responsable; en segundo lugar, sobre que facer cando quero reclamar (agás en 2º B e 3ºB da ESO onde se inverten estas preferencias); e en terceiro lugar, sobre os organismos nos que se poden presentar as reclamacións. Salientar que o grupo de 4º C da ESO ten as súas preferencias en orde totalmente inverso.





Casa do Xanzón (terceira), casa de Juan de Tallón (cuarta)

## CARIÑO NO TEMPO

Casa de Rosalía da Pellica (primeira), casa de Modesto de Olaia (segunda), galpón onde se alugaban bicicletas (terceira)





**Casa dos Pita (esquerda), serrería de Antonio Yáñez (Antonio de Leopoldo) (primeira da dereita),  
casas de Fanego (segundas da dereita)**

## *ASÍ SE CONSTRUIÓ*

**Casas de Fanego (esquerda), taller do Sr. Marcelino (primeira da dereita), casa de Arbitrios (segunda da dereita)  
e galiñeiro de Falcón (terceira da dereita)**





# ENTREVISTAMOS A ...

**BREOGÁN RIVEIRO**

Autor de *Tonecho de Rebordechao*



Un momento da charla de Breogán Riveiro ao alumnado de 1º de ESO

**1. Que lle inspirou a facer este libro? Foi algo especial?**

A cousa é que estaba escribindo e polo meu traballo, estaba facendo un documental sobre o home lobo de Allariz, sobre Romasanta. Coincidiu que estaba rodando nunha aldea perdida que se chamaba Rebordechao. Entón este rapaz do que eu estaba escribindo -cando escribes sobre alguén tes a sensación de que o coñeces, de que está contigo, de que non é que che fale, pero sabes como reacciona e o que che vai dicir- O caso é que eu estaba en Rebordechao, unha aldea moi bonita perdida pola provincia de Ourense, e de súpeto, ese rapaz que eu estaba imaxinando vino polas rúas, e ese rapaz díxome “eu non son simplemente Tonecho, son Tonecho de Rebordechao, son de aquí”. E entón a historia que estaba contando que ía un pouco sobre as lendas que hai moitas veces nas zonas rurais, cambiou; porque Rebordechao meteuse moito na historia e incluíu a súa propia historia que é o home lobo de Allariz. Entón por iso medrou a historia

**2. Vai escribir unha segunda parte?**

*Tonecho de Rebordechao* dous. Pois non tiña pensado polo de agora. Gústame a idea. Non, en principio non, pero ... *bueno* habería que preguntarlle a Tonecho; xa digo que hai que falar cos personaxes de vez en cando para ver como van as cousas.

**3. Por que a señora Marica non fala?**

A señora Marica non fala porque ten algún tipo de enfermidade, non sei cal; pois ... non sei ... afasia verbal pode ter ou eu que sei, caulle un croio ou non lle da a gana. Non fala, simplemente, é así, a personaxe e así.por que? pois puidéronlle pasar moitas cousas: puido ser unha embolia e ten dificultade na zona da fala ou algo así.

**4. Levoulle moito tempo escribilo?**

Custoume bastante, non sei canto tempo. Eu non son un escritor profesional. Escritores profesionais en Galicia debe haber cinco, ou sexa, que se dediquen única e exclusivamente a escribir, e eu non son un deles. Eu chego a casa logo do meu traballo e dedico un par de horas a teclear diante do ordenador e vou facendo historias. Despois de escribir esas historias pois hai que coller os folios moitas veces ou directamente no ordenador e ir tachando aquelas cousas que non valen, porque unha das partes máis dolorosas e máis necesarias de escribir calquera historia é tachar as cousas que non valen a pena. E, ademais, é amolado porque gastaches horas do teu



tempo para escribir iso e resulta que dos catorce folios que escribín, catro non valen para nada e tes que tiralos. Iso pois hai que facelo. Tamén é importante deixar que a obra quede aí e agardar un tempo e despois collela e relela porque pódense cometer erros.

##### 5. **Escribiches un canto de Rebordechao, poderías escribir un de Cariño?**

Si, pero tamén o podedes escribir vós. Si, por que non? De Cariño coñezo bastante pouco, pero paroume unha señora que traballa nunha fábrica de conservas e contoume unha chea de historias, xa hai anos, interesantísimas. Podes escribir diso ou podes escribir do que queiras, podes situar a acción onde queiras e eu moitas historias que son moi interesantes e que poden morrer, poden esquecerse se non as recolledes. Perdemos moito todos nós cando se perden esas historias, por iso se tedes un avó preto ou unha avoa preto achegádevos a escoitalos. Ás veces é un *coñazo*, é certo, pero se lles sacades un pouco hai historias fascinantes, e ademais son historias vosas, son historias que levades nos xenes, son historias moi importantes que, se cadra, dentro dun tempo vos encherá de orgullo ter.



A firma de Breogán Riveiro e este no momento das firmas



##### 6. **Como pode alguén sorrir polos ollos?**

Se te fixas hai xente que non move o resto da cara, segue toda seria, pero nótaslle nos ollos que non está exactamente así e que incluso lle brillan un pouquiño mais os ollos. Hai xente que lle notas, ás veces, que sorrí un pouco con ironía. Hai maneiras de contar historias que non só falando. A comunicación non verbal tamén funciona e fixándote un pouco na xente, ás veces hai cousas fascinantes.

##### 7. **E como se che ocorreu dicir iso?**

Pois non sei, porque lle ía ven ao personaxe, non o imaxinaba sorrindo, rindo abertamente cun sorriso franco, aberta, non me encaixaba, Pero un sorriso de lado, irónico tampouco. Isto era como que ría só nos ollos, o resto da cara seguía coma sempre. A min encaixábame no personaxe.

##### 8. **De onde sacaches a lenda do home do unto?**

A lenda do home do unto existe. Estiven no Arquivo do Reino de Galicia e había unha chea de documentos das declaracións xudiciais do proceso xudicial “O home novo de Allariz” que declarou que lle quitaba os untos ás súas vítimas para ir a venderllas a un boticario en Chaves. Non se soubo nunca se iso era certo ou non porque ninguén foi nunca a preguntarlle ao boticario, nin chamaron a declarar. Se é certo ou non nunca se saberá.

##### 9. **Estás contento co resultado do libro?**

Pois eu estou contento cando atopo a xente que o leu e está contenta por lelo. Cando a xente le con gusto o que escribes estás contentísimo. Supoño que tamén por aquilo da necesidade que temos de comunicar. Cando a xente le o que escribiches tes que dar as grazas porque forma parte do meu ser.

##### 10. **Existe en realidade a casa dos carros?**

Si, a casa dos carros existe. Na historia está escrita moi por enriba pero en Rebordechao hai unha casa na que, evidentemente, non estiven e non sei se ten unha habitación misteriosa, pero ben

puidera ser. Dentro de Rebordechao hai un par de anécdotas que son reais, por exemplo o que lle acontece ao equipo de televisión.

**11. Tonecho ten algo de ti?**

Pois non sei, algo debera ter. Supoño que igual que ten de outra xente e doutras persoas pois igual algo ten de min pero non sei o que.

**12. Gañou moitos cartos con este libro?**

Non, xa comentaba antes que en Galicia hai poucos escritores que se gañen a vida escribindo e eu non son un deles.

**13. Entón, para quen escribes?**

O que falabamos antes de que temos a necesidade de contar historias e de que nos conten historias. De todas formas este libro é dos poucos que si me deu algún carto porque o premio Raíña Lupa tiña 6.000 euros de premio, que para min estaba moi ben, e por iso está publicado. Os premios literarios serven para comunicar e para publicar e iso é importante.

**14. Hai que estudar moito para ser escritor?**

Non, quedamos en que si empezas a escribir un libro es escritora. O importante é que queiras contar algo e que comeces a contar algo porque probablemente contes unhas historias magníficas, ou non porque non valen para nada; todos os escritores tiramos obras ao lixo. Todo o mundo ten que tirar de vez en cando as cousas que escribe ou que fai porque non están ben. O que hai que facer é poñerse a escribir, e poñerse a escribir significa tamén poñerse a ler porque escribir é unha técnica e para iso precisas estar familiarizado con esa técnica.

**15. Tes en mente escribir algún libro máis?**

Despois deste publiquei un par de libros mais, *A historia máis increíble que nunca liches*, unha obra de teatro de monicreques. Tentarei seguir publicando cousas e seguir facendo que algunha xente que lea o que eu escriba o pase ben ou reflexione sobre outras cousas ou comunicar algo.

**16. Se alguén vai a Rebordechao e vai comer a esa taberna, está pechada á hora de comer?**

Foi real e quedamos sen comer. Fixemos unha xanticea. Foi tremendo.

**17. Por que fixo náutica e logo se dedicou aos audiovisuais?**

Porque descubrín que a auga salgada era moi mala para a cute. Non, a min atraíame moito o mar pero é unha vida moi dura. Coincidiu ademais unha serie de factores como que persoas que coñecía tiveron certos desarranxos na súa vida e entón dixeron “se cadra isto non é para min, se cadra isto é moi duro”.



Camila Santos, Claudia Caldas, Anaís Fernández e Lidia Rodríguez atentas ás palabras de Breogán Riveiro



**18. Que libros recomendas para lermos nós?**

Pois eu recomendaría calquera que vos guste. Quero dicir hai un montón de libros que son para rapaces e que son magníficos e hai un montón de libros que non están pensados para rapaces pero son magníficos que vos poden gustar exactamente igual. Ou sexa, o de literatura de xénero, de dicir isto non é para rapaces, parécese bastante esaxerado. Entra na biblioteca, abre un libro e poderás descubrir un mundo marabilloso ou non.

**19. Por que escribes historias para nenos?**

Porque os nenos adoitan ser menos hipócritas que os maiores. A os rapaces se non lles gusta algo dincho. Os rapaces len o que lles gusta e, cando non lles gusta, non teñen ningún problema en dicir que escribiches unha *merda*.

**20. Que teñen os contos ou as historias dos libros que non teñen a televisión, internet, etc.?**

Primeiro, que o medio que utilizas é un medio que está ao teu dispor sempre, é un medio persoal, é un medio directo co que a historia sucede dentro do teu cerebro, sucede dentro de ti, es ti realmente quen crea gran parte da historia, quen vive a historia. Realmente cando les unha obra que che gusta, estás meténdote moito mais na historia que na mellor das películas. A literatura non pode reflectir cousas que o cine ou o teatro si, pero ten outras cousas que non teñen o cine ou o teatro. Son medios distintos que teñen técnicas distintas coas súas propias cousas

**21. Tonecho aprende do mundo tradicional ao mesmo tempo que participa do mundo moderno. Esta é a mensaxe que nos queres transmitir aos máis novos?**

Un pouco si. Penso que en calquera circunstancia, en calquera situación se poden ter cousas de proveito. Os rapaces, as persoas, non somos tan imbéciles como ás veces pretenden facernos crer. Hai cousas boas e cousas malas en tódalas tecnoloxías e hai cousas que gustan e cousas que non gustan, pero hai que sacar todo o bo. Cun pouco de coidado hai que aprenderlles que hai cousas que non debe facer.

**22. Foi algo especial o que che inspirou a facer o libro?**

O libro comezou un pouco pola historia esta de Tonecho e sobre todo pola cuestión educativa que encerran os contos e as lendas. A xente da anterior xeración utilizaban moito os contos para educar. Os contos e as historias para meter medo moitas veces é unha maneira de dicir non fagas isto. Os contos transmiten unha *moralex*. Esa *moralex* está moi clara. É a ensinanza que teñen os contos, é a mensaxe que se quere mandar.



Preguntas elaboradas polo  
alumnado de 1º de ESO

Enquisa feita por

Noel  
YÁÑEZ  
RUBIDO



1º ESO B

Breogán Riveiro  
respondendo ás preguntas de  
Noel Yáñez ante a atenta mirada  
de Yioselín Meza





1ª CATEGORÍA (1º de ESO): “Cariño” de Shair Abella Fernández de 1º ESO B

MODALIDADE ARTÍSTICA

2ª CATEGORÍA (3º ESO): “Acantilados do Ortegal” de Santiago Pita de Navasqués de 3º ESO B





# ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN



Un grupo de alumnas (arriba) e Iago Armada (abaixo esquerda) interpretando os seus papeis na actividade de animación levada a cabo polo Grupo de Teatro *Marañao* de Ourense que se celebrou no ximnasio do instituto. Alumnado atento a Tim Bowley compoñente do grupo de contacontos en inglés e galego que actuou na biblioteca do centro (abaixo dereita)



## LINGUA CASTELÁ

### EL CORRO DE LAS HADAS



-Abuelo, ¿por qué no me cuentas una de esas historias que tú sabes?

-Está ben, Nicole, te contaré lo que le sucedió a mi amigo, también abuelo, Peter.

“Un día, los hermanos Peter y Madeleine, mientras se disponían a buscar información en Internet sobre las hadas, encontraron en una página web un artículo de un famoso explorador irlandés, que informaba sobre la existencia de las hadas y la posibilidad de poder verlas. Aunque todas las nociones eran muy complicadas y difíciles de llevar a cabo, una de ellas captó su atención. Empezaron a leerla mientras una sonrisa iluminaba sus rostros.

“El método más sencillo y eficaz, pero sin embargo el más peligroso es adentrarse en un ‘corro de hadas’. Dicho corro consiste en un círculo formado por setas sobre el césped en donde las hadas realizan su danza a las horas del amanecer y del atardecer”.

Los hermanos continuaron con la lectura, llegando a la explicación de lo peligroso de entrar en uno de esos círculos, pues la magia de las hadas podría hechizarlos. Absortos en la lectura, un apagón de luz les impidió leer lo más determinante del hechizo. Sus padres no estaban en casa y decidieron salir a merodear por el bosque de su pueblo. Tan sólo llevaban una mochila y una linterna, que se pusieron a la espalda para emprender su camino.

El apagón parecía haber afectado a casi todo el pueblo, ya que todo estaba oscuro.

Ya en la montaña, empezaron a ver setas. No conseguían encontrar nada ...¿o sí? Madeleine vio una colina, ala que dio nueve vueltas, siguiendo las instrucciones de la página web. Entonces, como salido de la nada, en un lado del camino lo percibió. ¡Era un círculo pequeño!

-Peter, ¡lo he encontrado, lo he encontrado! –gritó jubilosa.

Tras las palabras de su hermana Peter fue corriendo hacia ella. Ya juntos, vacilaron al principio si traspasar el corro o no. Tenían miedo pero su curiosidad los empujaba hacia el interior.



Allí vieron pequeñas hadas rodeadas por un halo de luz blanca. Transcurrido un tiempo, se dice que perdieron el conocimiento.

Cuando los padres de los muchachos regresaron a casa, ya era bastante tarde y sus hijos aún no habían llegado. Se alarmaron mucho, por lo que llamaron a la policía. Los buscaron durante dos años, pero Peter y Madeleine no aparecieron, así que los dieron por muertos.

Esto dolió tanto a los padres de los niños que, de allí a un tiempo, tuvieron otra hija.

Al cabo de unos años, Madie y Peter volvieron a casa, y al unísono exclamaron:

<<Mamá, ¿que hay de cena?>>: como olvidando los años de ausencia.

Lo sorprendente es que su aspecto no había cambiado nada, como si el tiempo se hubiese congelado”.

-Y esta, querida nieta, es una historia que sucedió hace mucho tiempo.

1º ESO A



Vanesa  
MUIÑO  
LOZANO



Ángela  
PEGO  
CAMPELLE



Lucía  
YAÑEZ  
SCHWINDT

## EL MINIMUNDO

En un lugar más cercano de lo que piensas los más ancianos afirman que hace miles de años allí habitaban seres mágicos. Aún no se sabe a ciencia cierta por qué desaparecieron, pero la leyenda dice así:

“Un 5 de agosto se festejaba una feria donde los niños siempre se aburrían. Un grupo de niños fueron a jugar al bosque en donde se les había prohibido estar. Encontraron una cueva donde había una especie de tornado multicolor. Todos con un poco de miedo se adentraron en la cueva.

¡Acababan de encontrar un minimundo lleno de hadas, gnomos, elfos, ...! El rey de ese minimundo era el único centauro existente. No podían creer lo que habían visto. Se dieron cuenta de que hablaban su mismo idioma. Empezaron a hablar y les contaron a los niños cómo habían formado aquel minimundo.. Las hadas les explicaron el motivo por el cual no se les permitía ir al bosque: el antiguo rey quería destruir el pueblo para dejar de vivir en la cueva y habitar en un sitio mayor.

Los padres se dieron cuenta de que los niños faltaban y fueron a la cueva a buscarlos. Las hadas, gnomos y demás seres mágicos presintieron que algo malo iba a ocurrir y acordaron marcharse. Los padres encontraron a los niños y éstos decidieron no contar nada de lo que habían visto.”

Cada 5 de agosto se sigue celebrando la feria, pero los que antes eran niños, ahora ya ancianos, celebran una fiesta en honor a los seres mágicos. Sólo ellos saben que siguen existiendo esas criaturas mágicas.

1º ESO A



**Sara  
DOCANTO  
PÉREZ**



**Anaís  
FERNÁNDEZ  
BLANCO**



**Bárbara  
PARDO  
GONZÁLEZ**



**Lidia  
RODRÍGUEZ  
LÓPEZ**

## LA MALDICIÓN DE SAN XIAO

Todo empezó una terrorífica mañana del día de San Xiao, que se celebra en el pueblo de Cariño. Miguel, Manuel, Esteban y Juan Carlos estaban jugando por el monte cuando, de repente, un ser emergió entre las sombras para maldecirlos. Al verlo, los muchachos asustados, corrieron por el monte, pero él los perseguía.

Pese a que eran muy rápidos, el espectro se aproximaba más, se subieron a un árbol donde tenían una cabaña. Desde allí aquel extraño ser les echó la maldición, pero no sentían nada.

Al año siguiente, el mismo día de San Xiao, no había nadie, todos habían desaparecido. De repente, el cielo se oscureció y sombras y espectros surgieron de la nada. Empezaron a escuchar sonidos que nunca habían oído antes. Esteban desapareció. Más tarde a Miguel una sombra le persiguió y se perdieron por el frondoso bosque lleno de neblina. Sólo quedaron Manu y Juan Carlos. Decidieron investigar qué estaba ocurriendo.

Descendieron hasta el mar por el monte. Al llegar a una meseta se encontraron con una hoguera y unas sombras. Escondidos entre unos matorrales lograron escuchar los planes malvados del espectro que los había encantado. Dichos planes consistían en capturar el mundo empezando por Cariño.

Manuel y Juan Carlos encontraron el punto débil del espectro líder ... ¡Había que echarle agua bendita! Los dos fueron a la capilla de San Xiao, allí llenaron unas pistolas de agua bendita y se dirigieron hacia donde se encontraba el líder. Escondiéndose entre las rocas, le dispararon y liberaron a sus amigos.

Cuenta la leyenda que todavía la maldición en San Xiao está presente y ello explica que se pueden observar sombras y extraños seres en el frondoso bosque.

1º ESO A



**Miguel  
ALONSO  
BELLÓN**



**Esteban  
GALCERÁN  
VEIGA**



**Juan Carlos  
HERNÁNDEZ  
BREIJO**



**Manuel  
SARAS  
RODRÍGUEZ**



# EL MISTERIOSO CABO ORTEGAL

Había una vez cuatro amigos llamados: Manuel P., Marcos, David y Christian. Eran amigos desde pequeños y compartían muchas aventuras.

Un día, concretamente en la festividad de “San Xiao” -la romería del pueblo- fueron a beber a una fuente que estaba cerca de el Cabo Ortegal, súbitamente se vieron atraídos por una luz muy brillante, que relucía como un halo en la cúspide de la montaña mayor. Se dirigieron hasta allí. Ya en el lugar un anillo en el cielo los sorprendió proyectando momimientos zigzagueantes.

Pensaron que podrían salir en el periódico y se imaginaban el titular <<cuatro niños han visto un ovni sobre el faro del Cabo Ortegal>>.

Diez minutos más tarde, los absorbió una luz que provenía de la nave. Al llegar allí, los invitaron a cenar una comida de su planeta.

Justo cuando se iban a ir, los extraterrestres les dieron una piedra del lugar de donde venían, que no existía en la tierra. Después bajaron al pueblo con la piedra que los extraterrestres les habían dado y se dirigieron a la casa del ayuntamiento donde estaba el alcalde. Al llegar allí, le enseñaron la piedra.

Al día siguiente el alcalde llamó a unos investigadores y a policías para que registraran la zona. Y dos días después se publicó la noticia y Manuel P., Marcos, David y Christian salieron en el periódico. Aún ahora, los investigadores están registrando la zona en busca de pruebas de aquel suceso.

1º ESO A



**David  
CASTRO  
LÓPEZ**



**Manuel  
PAJÓN  
SANTIAGO**



**Marcos  
PÉREZ  
BREIJO**



**Christian  
PÉREZ  
OTERO**

## MATEMÁTICAS

### NÚMERO ÁUREO

O número de ouro, número dourado, sección áurea, razón áurea, razón dourada, media áurea e divina proporción, representado pola legra grega  $\phi$  (fi) (na honra do escultor grego Fidias), é o número irracional:

$$\phi = \frac{1 + \sqrt{5}}{2} \approx 1,618033988749894848204586834365638117720309179805 \dots$$

Trátase dun número que posúe moitas propiedades interesantes e que foi descuberto na antigüidade, non como “unidade” senón como relación ou proporción. Esta proporción atópase tanto nalgunhas figuras xeométricas como nas partes dun copo, e na natureza como relación entre corpos, na morfoloxía de diversos elementos tales como caracolas, nervaduras das follas dalgunhas árbores, o grosor das ramas, proporcións humanas, etc.

## Historia do número áureo

O número áureo ou a proporción áurea estudouse dende a antigüidade, xa que aparece regularmente na xeometría. coñecese xa da súa existencia nos pentágonos regulares e pentáculos das tabletas sumerias ó redor do 3200 a. C.

Na antiga Grecia utilizouse para establecer as proporcións dos templos, tanto na súa planta como nas súas fachadas. Por aquel entón non recibía ningún nome especial, xa que era algo tan familiar entre os antigos gregos que “a división dun segmento en media extrema e razón” era coñecido xeralmente como “a sección”. No Partenón, Fidias tamén o aplicou na composición das esculturas (a denominación Fi, por se-la primeira letra do seu nome, efectuouna en 1900 o matemático Mark Barr na súa honra).

Platón (Circa 428-347 a.C.), considerou a sección áurea como a mellor de tódalas relacións matemáticas e a chave da física do cosmos.

A sección áurea usouse moito no Renacemento, particularmente nas artes plásticas e na arquitectura. Considerábase a proporción perfecta entre os lados dun rectángulo.

Da Vinci fixo as ilustracións para unha disertación publicada por Luca Pacioli en 1509 titulada *De Divina Proportione*, quizás a referencia mais temperá na literatura a outro dos seu nomes, o de “Divina Proporción”. Este libro contén os debuxos feitos por Leonardo da Vinci dos cinco sólidos platónicos. É probable que fora Leonardo quen lle dera por primeira vez o nome de *sectio áurea*. En 1525, Alberto Durer publica *Instrucción sobre a medida con regra e compás de figuras planas e sólidas* onde describe como trazar con regra e compás a espiral baseada na sección áurea, que se coñece como “espiral de Durer”.

Os artistas do Renacemento utilizaron a sección áurea en múltiples ocasións tanto na pintura, escultura como arquitectura para lograr o equilibrio e a beleza. Leonardo da Vinci, por exemplo, a utilizou para definir tódalas proporcións fundamentais na súa pintura *A última cea*, desde as dimensións da mesa, hasta a disposición de Cristo e os discípulos sentados, así como as proporcións das paredes e ventás ao fondo.




Leonardo da Vinci, no seu cadro da *Gioconda* (ou Mona Lisa) utilizou rectángulos áureos para plasmar o rostro de Mona Lisa. Pódense localizar moitos detalles do seu rostro, empezando porque o mesmo rostro se encadra nun rectángulo áureo.

O astrónomo Johannes Kepler (1571-1630), descubridor da natureza elíptica das órbitas dos planetas ó redor do Sol, mencionou tamén a divina proporción: “a xeometría ten dous grandes tesouros: un é o teorema de Pitágoras; o outro, a división dunha liña entre o extremo e o seu proporcional”. O primeiro podémolo comparar a unha medida de ouro; o segundo debemos denominalo unha xoia preciosa”. E, crente como era dixo: “non cabe dúbida de que Deus é un gran matemático”.

Hoxe en día a sección áurea pódese ver en multitude de deseños. O máis coñecido e difundido sería a medida das tarxetas de crédito, a cal tamén segue o patrón, así como o noso carné de identidade e tamén os paquetes de cigarros.

Na arquitectura moderna segue a se usar; por exemplo, está presente no coñecido edificio da ONU en Nova York, que non é máis que un gran prisma rectangular cuxa cara maior segue as citadas proporcións.

## Que é e de onde provén o número áureo



Divídese un segmento calquera en dúas partes de forma que a razón entre a totalidade do segmento e unha parte (a maior) sexa igual á razón entre esta parte e a outra. Matematicamente, sendo as partes  $a$  e  $b$

$$\frac{a+b}{a} = \frac{a}{b}$$

Esta razón, que cumpre a propiedade, é denominada razón áurea. Pódese obter este número a partir da expresión anterior:

$$\frac{a+b}{a} = \frac{a}{b}; a^2 = b(a+b) = ba + b^2; a^2 - ba - b^2 = 0$$

Pódese despxar  $a$  utilizando a fórmula xeral das ecuacións de segundo grao, tendo en conta que  $a > 0$  e  $b > 0$ :

$$a = \frac{b + \sqrt{b^2 + 4b^2}}{2} = \frac{b + \sqrt{5b^2}}{2} = \frac{b + b\sqrt{5}}{2} = \frac{b(1 + \sqrt{5})}{2}$$

Dividindo todo por  $b$  obtense:

$$\frac{a}{b} = \frac{1 + \sqrt{5}}{2} = \varphi$$



# EDUCACIÓN FÍSICA

## ACROSPORT 2007



Paula Rodríguez, profesora de Educación Física convocou, a nivel de centro, un concurso para que escolleramos as figuras acrobáticas que máis nos gustaran das que o seu alumnado formou durante as súas clases. Resultaron premiadas as seguintes figuras:



**1º PREMIO**  
**Alumnado de 4º de ESO B-C:** Sara, Adán Pita, e Sara Pena (arriba); Moisés, Tamara, Luis Miguel, Miguel, Eduardo Rodríguez, Diolvis, Sebastián, Adán e Gabriel Díaz (abaixo)

**2º PREMIO**  
**Alumnado de 4º ESO A:** María, Julia Novo, Andrea, e Aitor (arriba); Alejandro, Sofía, Eloy Lago, Damián, e David (abaixo)



**3º PREMIO**  
**Alumnado de 4º ESO A:** David, Julia Novo, Eloy Lago, Aitor, Damián, Andrea, Mari Luaces, Andrea e Alejandro (arriba); Mari Luaces, David, Manuel Domínguez, Luis Pena, Sofía (abaixo)



# MÚSICA

## CARTA A LOS REYES MAGOS

Ésta á a canción que Paulo Maestro, de 2º BACH. B, cantou durante o festival de Nadal.

“Queridos Reyes Magos, este año me porté bien, si es que no estáis muy vagos, espero podáis leer, esta cartga con halagos, peticiones desde aquel, que tiene los gastos pagos, y os prefiere a Papá Noel.

No os pediré dinero, no lo quiero, yo prefiero, pedir unión de manos, y tener un mundo sano, pido que sean hermanos, españoles y anglicanos, contra la maldad, en vez de explotar Bagdad; no pediré regalos action man y un par de malos, ni una moto, un videojuego, ni siquiera un móvil nuevo, pediré justicia, libertad para Galicia, y que en las noticias, en vez de avaricia, se vean caricias; pido que no haya engaño, que el amor no sea tan extraño, que en mi pueblo haya las cotillas justas, niña no me asustas, sabes que me apaño comiendo altramuces, por eso pido poner al tacaño, luces; no quiero cualquier tontería, quiero a María, quiero que haya un día, que se pueda prescindir del policía, quiero que mi tía, vea a sus sobrinos, creciendo fuertes y robustos como pinos; quiero que Sardá vuelva pa Marte, quiero superarte, quiero ver arte, en cualquier parte, sin descarte, os pido que en clases, se enseñe a hacer bases, frases, y poesía, que cambien el timbre, por la octava sinfonía; que el hombre de mimbren, no me asombre, que balas y calibres, ni se nombren, pido ser más libre, y que todos lo sean, que dejen tanta tele y en vez de ello lean; aunque no lo crean, no pido un viaje, siempre podría pedirlo a Cofidís, pido mestizaje, en todo el mundo, incluyendo mi país, y si me hundo, me relaje, pues todo fue un desliz; pido ver estrellas, sin querellas, día y noche bellas, y que se enamoren de mi unas doncellas, y para hacer pellas, quiero un sustituto, para que no se enteren en el instituto; veis que no os discuto, motivos que no concuerden, para estar este minuto, donde curas muerden, pero pido que se olvide el luto, y el tiempo que pierden, será mejor que el muerto recuerden, no sé que no entienden; y es que lo que venden, son las cosas más oscuras, por eso pido que los curas, no te aburran, con estupideces, sin mentiras que no te mereces, que rollo con el pan y con los peces; en este día de paz, amor y sueños, espero cuidéis a los pequeños, poner en ello todo el empeño, y que al menos hoy no corten cuellos, los dueños de la tierra, cortad de una vez con toda guerra; con toda vida perra inmerecidam, ayudad al que se olvida, consolad a aquel suicida, y dignidad al que lo pida, pues si lo pide es por necesidad, nunca a la ligera, y al más pobre dadle lo que quiera; si no recibo nada me da igual, me espero a carnaval, no estaría mal, al menos que fueran amenos, los momentos, que en la vida vienen con descuentos, los intentos de los que

nunca lo intentan, y que se contantan; porque cuentan algunos y unos pocos se lamentan, se lamen despacio, las heridas, mientras me sacio, de ellos te olvidas, es un espacio, sin medidas, es un epitafio sin despedidas; por último pediros, para despediros, que de los suspiros, hagais lirios, que reemplacéis los martirios, de aquellos que ya han sufrido suficiente, y que aquellos que no lo sintieron ni lo intenten; esta es mi carta a los reyes, con mi mejor deseo, esta es mi carta a los reyes, aunque soy ateo, esta es mi carta a los reyes, y aun no lo creo, que aun habiendo tantas leyes, sea este mundo tan feo.

Y tú que puedes, piensa bien lo que pides, no te olvides, que ni en navidad hay tregua, en la Africa negra, y mengua, felicidad en muchos corazones, estas fechas, si no necesitas más razones me aprovechas; y agradece todo lo que por ley te pertenece, si parece, que no te mantienes en tus trece, medita que siempre hay alguien que lo necesita, y consigue que no se repita; esta es mi carta a los reyes, con mi mejor deseo, esta es mi carta a los reyes, aunque soy ateo, esta es mi carta a los reyes, y qun no lo creo, que aun habiendo tantas leyes, sea este mundo tan feo”

2º BACH. B

Paulo  
MAESTRO  
CASTRO



## CULTURA CLÁSICA

### PANDORA



Segundo a mitoloxía grega, Prometeo era un Titán, neto do Ceo, que fixo ó primeiro home con lama. Para rematar a súa obra decidiu darlle un importante agasallo: o lume. Pero semellante tesouro tñiao Zeus, o rei dos deuses, agochado no Olimpo. Foi roubar Prometeo o lume e Zeus castigouno encadeándoo nun monte, onde un corvo polo día roíalle o fígado, que se rexeneraba pola noite, ata que o liberou Hércules.

Pero Zeus tamén castigou ós homes por aceptar o lume ... cunha muller.

Hefesto, o deus artesán, foi o encargado de facela. Todos os deuses déronlle un don: Atenea, intelixencia; Afrodita, beleza; Hermes, astucia...e chamárona “*Pandora*”, a que ten todos os dons.

Mandárona engalanada xunto a Prometeo, levada polo mensaxeiro Hermes, cunha caixa que non debía abrir baixo ningún concepto.

Prometeo, que non se fiaba un pelo de Zeus, non quixo a Pandora e advertiu ó seu irmán

Epimeteo que non aceptara ningún agasallo dos deuses, non fora ser. Epimeteo non escoitou ó seu irmán e namorou de Pandora.

Nesa época vivíase na idade de ouro, na que a terra daba os seu froitos per se, sen necesidade de cultivo e a xente vivía nunha felicidade continua.

Pandora e Epimeteo vivían felices pero a Pandora roíalle a curiosidade por ver o que había na caixa dos deuses e, pese ós avisos do seu home, un día que estaba soa abriu a caixa e dela saíron todos os males do mundo; volveuna pechar axiña, pero xa non había remedio, dentro só quedaba a esperanza que berraba para que a deixaran saír. Cando Epimeteo chegou á casa rifou a Pandora por curiosa e abriulle á esperanza para que saíra e curara ó mundo coa súa alegría.

De aí ven a expresión “*a caixa de Pandora*” e é un mito que ten o seu paralelismo no relato bíblico de “*Adán e Eva*”.



Nicolás  
LÓPEZ  
REY




Jéssica  
RUBIDO  
SOTO

4º ESO B e 1º BACH. A  
Lucía  
YÁÑEZ  
ANEIROS

## PROXECTO INTERDISCIPLINAR

### VISITA Á CASONA DE BARREIROS

Na materia **Proxecto Interdisciplinar** de 1º ESO B tiñamos como tema principal para desenvolver durante o curso a “**Valoración dos elementos identificativos do mundo galego a través da obra de Álvarez Blázquez**”, personaxe ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas deste ano 2008.



Os obxectivos primordiais que nos propuxemos eran que o alumnado adquirira hábitos de traballo a través da procura e selección de información, aumentase o seu grao de autonomía para desenvolver as súas capacidades e espertar neles o interese pola realidade galega dende unha perspectiva global e así poder chegar a valorala positivamente.

Traballamos a partir do relato “*A pega rabilonga*”, primeiro de cinco relatos que Xosé María Álvarez Blázquez incluíu no seu libro *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (Vigo, Edicións Castrelos, 1971), que conta a historia dunha vella fidalga, derradeiro membro dunha familia que foi esmorecendo.



Canda a familia vanse indo as propiedades. E mesmo o pazo onde malvive a vella fidalga vai sentindo os alifafes da ruína. A vella mantense da caridade dos veciños que noutrora traballaran para o pazo. Coa vella vive a señora Marica, unha pega rabilonga que curara e adoptara dende cría. A pega é ladra de seu. E vaille chegando ás ruínas do pazo con alfaias e moedas que a vella señora malvendera xa nin sabía cando. Un mal día, mentres a pega escaravellaba no agocho dos seus tesouros tivo un encontro cunha donicela. A fidalga ordenou un enterro digno para o paxaro. Cando foi á procura do agocho da pega, morreu esmagada polas pedras dun muro medio esborrallado. Á par da tenra e triste historia da fidalga, o autor tamén nos dá conta da ruína da súa clase social e dos cambios que neste aspecto se foron producindo.



Óscar, David, Pablo, Noemí, Noemí, Noel Yáñez, Helena González, Yioselín Meza, Nuria, Carlos Álvarez, Paola, Camila Santos, Cintía, Amanda Rodríguez, Emiliano, Isabel, Shair Abella, Lidia Alves e Viviana diante da casona que visitaron en Barreiros

Despois da lectura e comprensión do relato fixemos unha selección de diferentes temas de interese, relacionados ou non, coas distintas materias que se cursan na ESO: decadencia da fidalguía e a emigración a Uruguai (historia); animais: a pega, a donosiña,..., e plantas: manzanilla, anís ... (ciencias naturais); o pazo (arquitectura); rosquillas, melindres, sopas de leite ... (gastronomía); o responso de San Antonio ... (relixión); touca, alfaias ... (vestimenta e complementos) e *Les trois coeurs*, *La femme chic* (literatura).



O paso seguinte foi buscar información sobre os temas seleccionados consultando fontes documentais diversas e en soportes e formatos diferentes, e elaborar un borrador previo á presentación do traballo final.

Como complemento a esta actividade todo o curso realizou unha visita a unha casa nobiliaria que se atopa nas proximidades do instituto, en Barreiros, e confeccionou traballos manuais coa técnica do “collage” como o que aparece ao principio deste artigo, feito por Emiliano Pérez Freire, ou os de arriba, feitos por Noemí Loureiro Rubido e Lidia Alves Fernández de 1º ESO B.

**Titora de 1º ESO B**  
**Helena GONZÁLEZ SAAVEDRA**

## **INTERCAMBIO CO IES MEDITERRÁNEO**

O Proxecto Interdisciplinar é unha materia de nova creación, impartida por primeira vez neste presente curso para o primeiro da ESO, contando cunha hora de dedicación semanal.

Nesta segunda avaliación os alumnos e alumnas de 1º E.S.O. A, fixeron un intercambio cultural cun grupo de alumnos e alumnas da comunidade de Andalucía, concretamente cos do IES MEDITERRÁNEO da Línea de la Concepción.

Inicialmente os dous grupos fixeron unha presentación en Power point que incluía textos e fotografías dos integrantes de cada un deles. Posteriormente, realizaron un estudo que contiña o máis representativo das súas zonas respectivas, tomando como punto de partida as festas típicas do Nadal e Entroido. Logo, este estudo foi enviado ao outro grupo para que se comparasen as similitudes e diferenzas entre cada comunidade e aclarando dúbidas que axudan á elaboración dun documento web. Finalmente, cada grupo enviou vía correo postal unha caixa que contiña material e produtos típicos da temática da súa rexión.





O noso alumnado enviou o seguinte: revistas do centro, libros do Concello de Cariño con contos e poemas escritos polos propios alumnos; un DVD con contido da comarca de Cariño e arredores; receitas de freixós, chaolas e outros postres típicos da zona; freixós e rosquillas para degustar, así como tamén latas de conservas de berberechos, mexillóns e chicharrillos; un póster do Cabo de Ortegal; música da agrupación galega de Cariño, onde toca un dos alumnos; almanaques de peto do himno galego e do conxuro da queimada; e unhas fotos dos alumnos disfrazados neste Entroido.

Todo isto permítelles coñecer aspectos socioculturais propios e alleos, respectando as diferenzas, aceptándoas e valorando ámbalas dúas. Ademais, o traballo en equipo, desenrola as habilidades sociais e destrezas grupais. Ó mesmo tempo, o tratamento coas novas tecnoloxías abordouse dende un espírito crítico ante os contidos e un uso axeitado das mesmas.

Titora de 1º ESO A

**Raquel  
PAZ  
RODRÍGUEZ**



## EDUCACIÓN PLÁSTICA

### PINTURA CORPORAL

Outro ano máis o alumnado de Educación Plástica deu conta da súa grande imaxinación na actividade de pintura corporal. A profesora Consuelo Benito conseguiu que a creatividade dalgúns alumnos e alumnas de 4º da ESO e de 1º de BACH. quedara plasmada nas súas obras.


Está claro que o alumnado do noso instituto nunca deixa de sorprendernos e sempre descubrimos novos e inspirados talentos en diversas modalidades artísticas. Esperamos impacientes as novidades do ano próximo.

**Seguide así!!**



O debuxo de Alejandro Bellón (esquerda) e Andrés Fernández autodebuxándose (dereita)





Nas fotos desta páxina vemos a Sara Pena (arriba esquerda) e a súa obra (arriba dereita), a Julia Novo (centro dereita) e o seu debuxo (centro esquerda) e as obras de David Cortés e Adriana Ferro (abaixo dereita)





Nesta páxina vemos as fotos de Gabriel Díaz (arriba esquerda), e Luis Pena, co seu modelo Eloy Lago, (arriba dereita) xunto as súas obras xa finalizadas

## LINGUA GALEGA

### O MISTERIO DO NADAL

Dise que tódolos nadais, nun pequeno pobo galego ocorre un misterio que ninguén logrou resolver. O estraño caso ocorría no alto dunha montaña nunha pequena cabana de madeira.

Había dous irmáns moi coñecidos porque xa resolveran outros casos, pero levaban catro anos intentando resolver o misterio do Nadal. Eses nenos chamábanse Xurxo e Carme, e tiñan 13 anos. Tiñan información sobre ese caso, pero era moi pouquiña.

A información que tiñan era a seguinte: dende o 16 de decembro ata o 8 de xaneiro, aparecía unha árbore de Nadal ó lado da pequena cabana, e desaparecía sen que os veciños se decatasen.

Todas as mañás, durante as vacacións de Nadal, xa chovese ou nevase, Carme e Xurxo subían ó alto da montaña a buscar información. Xa levaban indo unha semana e non encontraron nada, pero o sábado desa semana preto da pequena cabana, comezaron a oír estraños ruídos, Era a voz do seu pai!

Ó recoñecer a voz os dous nenos volveron para a casa, e estiveron agardando a que chegase o seu pai. Cando chegou, Carme e Xurxo pedíronlle explicacións. O seu pai negouno todo. Os nenos

fóronse do salón e o oír que o seu pai quedaba falando coa súa nai quedáronse a escoitar.

O que o pai lle dicía a nai era: a Pepe gustoulle a merenda que lle levei hoxe, dixo que temos que ter coidado cando lle levemos as comidas porque oíra xente polos arredores.

Ó día seguinte os nenos dixéronlle ós seus pais que ían xantar a casa duns amigos, pero a verdade era que ían ir á cabana de aquel tal Pepe.

Xurxo e Carme aseguráronse de que seu pai non estaba na cabana, miraron pola ventá e viron que só estaba o misterioso Pepe. Non lle viron ben a cara porque estaba de costas, petaron á porta, e leváronse unha gran sorpresa. Era o seu tío Pepe!

Dixéronlle que canto tempo levaba vivindo na cabana, porque ata onde sabían , o seu tío estaba morto. O seu tío non lles mentiu, contoulles que lograra saír vivo de aquela terrible explosión , na que se vira envolvido, e que dende o 16 de decembro ata o 8 de xaneiro pasaba os nadais naquela cabana para sentirse preto da súa familia.

Os nenos preguntáronlle por que non vivía no pobo, e Pepe díxolles que pensaba que non lle ían crer, porque era unha explosión da cal era imposible saír vivo.

Carme e Xurxo convenceron ao seu tío de que fora vivir ao pobo, que xa vería como a xente ó ía crer, por que era unha persoa moi querida no pobo.

Ao chegar ó pobo falaron cos veciños, e ocorreu o que eles temían: tódolos veciños do pobo crérono, e dende entón viviu no pobo sen ter que ir pasar os nadais a cabana.

1º E.S.O A

**Bárbara  
PARDO  
GONZÁLEZ**



## **UN NADAL CHEO DE SORPRESAS**

Había unha vez unha rapaza chamada Noa que tiña doce anos. Ela non era moi boa nos estudos, aínda que se esforzaba moito. A semana de exames estudou arreo, pero ó final suspendeu. Fixo todo o que puido pero os seus esforzos foron de balde. O día que remataron as clases déronlle as notas. Ó ver que suspendera púxose moi triste. Cando chegou á casa, a madrasta pediulle as notas e, ó velas, dixo:

- Como puidiches suspender! Díxenche que, se non aprobabas, quedabas sen Nadal.

A nena púxose a chorar e foi para o seu cuarto. Deitouse na cama e puxo música. O seu pai era o que a animaba e aconsellaba. Pero estaba de marea e non viña ata a noite.

Cando chegou, o sei pai foina ver e preguntoulle que lle pasaba. Ela díxolle:



- Estudei moito pero non conseguín aprobar; quedáronme tres materias: lingua castelá, inglés e francés.

O pai díxolle que non se preocupara. Foi falar co titor e pediulle que lle repetira os exames. Este decidiu aceptar.

Noa estudou toda a semana e bordou os exames. Sacou boas notas. O profesor felicitouna e díxolle que podía chegar moi alto si se esforzaba. Cando Noa chegou á casa, díxolle ó pai:

- Papá, papá, conseguín aprobar os exames grazas a ti! Quérote moito!

De seguido puxéronse os dous a adornar a árbore de Nadal. Pola tarde foron á praza a participar nos xogos municipais. Os avós regaláronlle un canciño gris e branco con ollos azuis.

Nunha semana, o seu pai volvía ir ó mar e Noa estaba moi triste. Entón, preguntoulle:

- Papiño, farías algo por min?

- Claro que si –respondeu el.

- Pois deixa a Rosa e vaíamos vivir ó campo os dous xuntos.

Así o fixeron e viviron felices para sempre. De aí en diante, Noa sacou moi boas notas.

1º ESO A

**Irene  
IRUSTA  
ARAÚJO**



**Vanesa  
MUIÑO  
LORENZO**



## **A TRAXEDIA DO NADAL**

Un ano polo Nadal, estivo a piques de ocorrer unha traxedia. Nun pobo pesqueiro nun lugar de Galiza, un barco regresaba ó porto para pasar as festas coa súa familia ... Pero cando estaban a poucas millas da costa comezou a desatarse un forte temporal.

Os mariñeiros traballaban coitado contra o mar, pero o vento cada vez era mais forte.

No pobo non tardaron en coñecer a noticia, e as familias de aqueles mariñeiros corrían ao porto en busca de novas pero ninguén sabía darlles mais razón das súas xentes.

Mentres, no mar, os pobres mariñeiros comezaban a perder as esperanzas de volver ver as súas familias. Mirasen para onde mirasen non vían mais que mar algún deles, desesperado, deixaba de loitar esperando o tráxico desenlace. Mentres no porto trataban de consolarse unhas as outras, aínda que as esperanzas ían a menos.

Cando xa case todos abandonaran a loita, o temporal comezou a amainar.

Foi entón cando se decataron de que estaban preto do seu porto e iso deulles novas forzas para seguir adiante. No porto alguén se decatou de que un barco asomaba ao lonxe. ERAN ELES!

A xente comezou a reaccionar e celebraban á volta a casa dos seus seres queridos.

Cando os mariñeiros se decataron, xa estaban no porto abrazando ás súas familias, só pasaran unhas horas desde o comezo do temporal ... Aínda que a eles pareceralles unha vida.

1º ESO A

Anais  
FERNÁNDEZ  
BLANCO



## CHEGA O NADAL

Chega o Nadal  
e os suspensos con el  
pero non importa  
vai vir Papá Noel!

Hai que ir para a cama  
non podo durmir  
estou moi nerviosa  
Papá Noel vai vir!

Neste pobo galego  
cómese marisco e turrón  
un pouco de carne  
e de *postre* bombóns.

Logo os Reis Magos  
acompañados dos seus camelos  
traen moitísimos regalos  
alegría e caramelos.

Trouxéronme moitas cousas  
as que eu pedín  
roupa e diñeiro  
e un boneco saltarín!

Ós que se portan mal  
Tráenlles carbón  
haino de caramelo  
e tamén de turrón.

Hai que volver á escola  
a estudar e estudar  
e facer os exercicios  
para poder aprobar.

O ano que vén  
volve ser o mesmo  
con máis regalos  
e máis diñeiro!

1º ESO A

Lucía A.  
YAÑEZ  
SCHWINDT



## UN SOÑO CUMPRIDO

Era unha vez un neno que se chamaba Daniel. Vivía nun pequeno pobo de Galicia, chamado Cariño. Era un neno moi responsable, que facía as súas tarefas e axudaba aos seus pais en todo. O seu aniversario coincidía o mesmo día que o día de Nadal. Por iso era o día máis feliz do ano para el.


Tódolos anos xuntaba os regalos do seu aniversario cos regalos de Nadal; por iso sempre tiña moitos .Sempre lle regalaban cousas moi bonitas que a el lle gustaban moito, pero non o que el quería. O seu soño era ter un can, pero eran moi caros e os seus pais non llo querían comprar.

O neno decidiu mandarlle unha carta a Papá Noel pedíndolle o que el quería. Pasado un tempo, chegou o día de Nadal. Todo era ledicia nese día para tódalas persoas, menos para Daniel que non cumprira o seu soño de ter un can. Rematado o día, subiu á súa habitación, abriu o armario para coller o seu pixama e atopou un regalo. Daniel, sorprendido, abriuno e no regalo poñía:

“Xa cumpriches o teu soño”, e apareceu un cadeliño tan fermoso, que Daniel alegrouse tanto porque xa cumprira o seu soño.

1º ESO A  
ANÓNIMO

## INGLÉS



Actividades realizadas por Eduardo del Río (esquerda)  
e J. Manuel de Magalhaes (arriba)







Exposición “Os obxectivos de desenvolvemento do milenio ante un mundo vulnerábel. Eis facemos algo?” posta en marcha dende PAZ Y DESARROLLO ONGD co apoio da Dirección Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia

# EXPOSICIÓN

Carlos Garrote, coa profesora de manualidades Carmen Anido, mostrando os traballos que fixo










Algúns dos traballos realizados polos alumnos e alumnas do instituto na actividade extraescolar de manualidades impartidas por Carmen Anido durante o curso escolar 2007-08: Carlos Garrote, Anael López, Mari C. Luaces, Alejandro Otero, Sofía Varela, Judit Bustó, Sara Mandiá, Aránzazu Breijo e Ángela Valadés.






Nesta páxina podemos ver as manualidades elaboradas por Carlos Garrote (arriba esquerda) e a gran variedade de carautas de Entroido (arriba dereita) e postais de Nadal (centro e abaixo) que, como todos os anos, o alumnado do instituto presentou aos concursos celebrados nesas datas





Algúns libros dos vistos na exposición de libros antigos e curiosos que se organizou no centro durante a Semana do Libro







## II CICLO DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL IES CABO ORTEGAL

Abril-maio 2008

Continuamos este curso coa iniciativa emprendida no ano 2007, o ciclo de cine en versión orixinal, organizado esta vez polo Departamento de Inglés. Novamente pasamos a enquisa entre todo o alumnado da ESO e Bacharelato do Centro. Adquirimos aqueles títulos máis demandados e os proxectamos na nosa sala de “cine” particular. Neses días a Aula de



Usos Múltiples transformouse nun auténtico cine con pantalla xigante e ata flocos de millo. Os títulos escollidos foron: *Scary Movie 4*, *High School Musical*, *Scoop*, *Mr Bean's Holidays* e *The Simpsons Movie*.



Tivemos espectadores de todos os cursos da ESO, e algún do Bacharelato. Quedamos moi satisfeitos da acollida desta actividade e pensamos repetir no vindeiro curso. A razón que nos moveu dende un principio foi a conveniencia de visionar os filmes na súa versión orixinal, algo ao que o alumnado non está afeito, aínda que todo se andará...

Profesorado do Departamento de Inglés do IES Cabo Ortegal  
Belén Alvelo Salgueiro  
Beatriz Fernández Mourente  
Enrique Roger Quiroga

# OS NOSOS EX ALUMNOS E ALUMNAS

## NOEL SANTIAGO BREIJO

1. Que estudos fixeches? Un *master* en Comunicación Audiovisual e Internet.
2. Sobre que trata ese *master*? Son catro apartados: de animación profesional, de deseño gráfico, de deseño web e de programación web.
3. Cantos anos son ? Ten unha duración de dous anos.
4. Tes teoría e práctica ? Non, é todo práctica.
5. Tes traballo? Si. Estou traballando de deseñador gráfico e infógrafo.
6. Que lle dirías aos nenos e ás nenas para que sigan estudando? Que estuden para rematar cuarto da ESO canto antes e estudar a carreira ou o ciclo que máis lles guste.

## ALBERTO QUIZA SANTIAGO



1. Que estudos fixeches? Ciclo superior de Educación Física e Relacións Laborais.
2. Por que elixiches esta carreira? Porque me gusta o deporte e porque me quería dedicar a iso.
3. Dedicábaslle moito tempo ao estudio? Non, case non lle dedicaba nada de tempo.
4. É moi difícil? Non. A verdade e que a min pareceume bastante fácil.
5. Que parte do que estudaches che gustou mais? Os deportes de equipo.



6. Que che gustaba mais a teoría ou a práctica? Por suposto que a práctica.
7. A que te dedicas? Son monitor deportivo para o concello de Cariño.
8. Que é o que máis che gusta do que estás facendo? O que máis me gusta é a relación cos nenos.
9. Como esperas que sexa o teu futuro? Pois gustárame seguir dedicándome a isto.
10. Que lle dirías aos nenos e ás nenas para que sigan estudando? Que o seu futuro dependerá do que estuden.

## ROBERTO VILLAR FRAGA

1. Que estudos fixeches? Rematei o Ciclo Superior de Desenvolvemento e Aplicacións de Proxectos a Construción e actualmente estou cursando estudos de Enxeñería Técnica Naval especialidade en Estructuras Mariñas.
2. Cantos anos son? O ciclo son dous anos e a carreira tres.
3. Por que elixiches esta carreira? Certamente non tiña decidido a carreira que estou facendo, son todas moi parecidas só que se centran en diferentes áreas.
4. Que che gusta máis a teoría ou a práctica? A práctica pero ben se sabe que sen teoría non hai práctica.
5. Actualmente estas traballando? Si estou traballando nun estudio de enxeñería de obra civil. O que facemos alí son proxectos para empresas grandes que son as que se poden permitir levar a cabo grandes proxectos como o AVE.
6. Que lle dirías aos nenos e ás nenas para que sigan estudando? Que no mundo en que vivimos hoxe en día o único xeito de asegurarse un futuro é estudando, que poder estudar é un privilexio e tamén que é moi duro pero ben se sabe que non hai nada fácil nesta vida.

4º ESO A

**Mari C.  
LUACES  
MARTÍNEZ**







# DECORAMOS O INSTITUTO






Traballos que estiveron á venda realizados por  
Sara Pena (arriba esquerda),  
Gabriel Díaz (arriba dereita),  
Luis Pena (abaixo esquerda)  
e Julia Novo (abaixo dereita)


















Todos os debuxos foron realizados polo alumnado do centro nas clases de Educación Plástica e Visual durante o curso 2007-08



# FESTIVAL DE NADAL 07



Elisa Álvarez, Ana Facal, Tito Riveiro, Pablo Trashorras, Fran Breijo, Paula Rodríguez e a alumna Mari Luaces no escenario

Neste Nadal houbo sesión dobre de festival: un no centro e outro na Casa da Cultura do Concello.

No festival do centro, presentado por Mari Luaces e Lucía Fraguela, participaron os alumnos e as alumnas de todas as idades, algúns profesores, e o encargado da cafetería (Fran Breijo).

O ambiente entre o público asistente e os participantes foi, en todo momento, moi festivo e entregado tanto no festival como nas actividades deportivas que se celebraron.

Na actuación musical de **panxoliñas** puidemos escoitar *Anda e non mires atrás e Regáloche un Alalá* (Mari Luaces, Lucía Fraguela, Sofía Varela, Kelly Villafane, María Fernández, María Martínez, Natalia Novo, Nuria Martínez e Ana Crespo), e *Noite de Paz* (alumnado de 4º da ESO e 1º de Bach.); algúns alumnos e alumnas de 1º e 2º de Bach. interpretaron *Jingle Bells*; e Paulo Maestro interpretou a súa composición *Carta aos Reis*.



Ana Crespo, María Martínez, Natalia Novo, Kelly Villafane, Mari Luaces, Nuria e Lucía

No certame **Un Nadal máis noso** entregáronse os premios ao mellor **relato curto**, *Un Nadal cheo de sorpresas* de Irune Irusta e Vanesa Muiño; á mellor **poesía**, *Chega o Nadal*, de Lucía Yáñez; ás mellores **panxoliñas**, para o grupo formado por Yasmina Pardo, María Martínez, Tatiana Vila, Natalia Novo, Kelly Villafane, Brais Pérez, Lucía Fraguela e Mari Luaces na categoría de grupo e para Paulo Maestro na individual; e á mellor **postal** de Nadal, Claudia Caldas López de 1º ESO A.





**Carmen, Nerea Fontela, Laura García, Mónica Alonso, Fátima Barcia e Manuel Novo, de 1º e 2º de bacharelato preparándose para a súa actuación de *Jingle Bells***



**Camila Santos, Alba Fontela, Amanda Rodríguez, Yioselín Meza, Viviana, Shair Abella, Eduardo Rodríguez, Kelly Villafane, Mari Luaces, Nuria e Lucía durante a súa actuación**



**Juan Carlos Hernández, Natalia Novo, Bárbara Pardo, Irune Irusta, Iván Fuentes e Manuel Pajón coas profesoras Beatriz Otero, Almudena Falcón, María Sanz, Pablo Trashorras, Paula Rodríguez, Tito Rivero, Daniel Touceda, Elisa Álvarez, e Consuelo Benito nun momento do partido de Volei.**



Na Casa da Cultura, presentado Alejandro Bellón, Julia Novo e Andrea Pernas, houbo actuacións de **batuka** (María Fernández, Patricia Fernández, Lara Fontela, Mari Luaces, Julia Novo, Andrea Pernas, Sofía Varela e David Villasuso), de **baile moderno** (Corina "Luaces e Mari Luaces), de **música tradicional** (Grupo de Gaitas *San Xiao do Trebo*), de **interpretación orixinal** (Paulo Maestro), de **panxoliñas** (María Fernández, Lucía Fragueta, Mari Luaces, María Martínez, Nuria Martínez, Natalia Novo, Sofía Varela e Kelly Villafane), de **teatro**: "*A herdanza da tía Roxelia*" (Gloria Castro, Nuria Conde, Sara Crespo, Uxía Fontela, Ella King, Luisa Iglesias, Aitor Landrove, Noelia Orosa,



A presentadora Julia Novo



Adán, Ángela Valadés, Luisa, Noelia, Ella, Gloria e Luis Pena representando *A herdanza da tía Roxelia* Adán,

Luis Pena, Ángela Valadés e Adán Vale); "*Escenas de matrimonios*" (Elena Armada, David Cortés, Nerea Fontela, Mari Luaces, Tamara Miranda, David Villasuso e Noel Yáñez) e "*Té para dous*" (Ana Docal e María Martínez do Grupo de Teatro da Asociación de Amas de Casa de Cariño).




Julia Novo, Sofía Varela, Lara Fontela e Mari Luaces nun momento da súa actuación de Batuka





Laura Quiza, Beatriz Núñez, Lorena Pedre, Juan Carlos Hernández, Brais Pita e Marina Morales, compoñentes do Grupo de Gaitas *San Xiao do Trebo*, durante a súa actuación



David e Tamara Miranda e David Cortés e Elena Armada en dous momentos da representación de *Escenas de matrimonios*





María Martínez e Ana Docal representando *Té para dous*



Paulo Maestro preparado para actuar



# NO - NAZ OS ANOS - UNO - UNO



Este ano a postal gañadora no Nadal foi a de Claudia Caldas López de 1º ESO A.



Aínda que a elección non foi fácil, a súa orixinal composición a modo de libro fixo que o xurado se decantara por ela.



# ENTROIDO 2008

O día 1 de febreiro celebramos no instituto o concurso de disfraces e carautas de Entroido que, como tódolos anos, estivo moi concorrido e animado tanto de concursantes como de público.



mo tódolos anos, estivo moi concorrido e animado tanto de concursantes como de público.

O acto estivo presentado polas alumnas de 2º de

Bach. Mónica Alonso e Patricia Alonso, que ían moi ben disfrazadas de “Momias”, e fixeron de xurado as profesoras María Sanz, Cristina López e Elisa Álvarez.



Participaron moitos disfraces e os premios foron: na categoría **individual** para a “Seta” Iván Fuentes. de 2º de ESO B; e na categoría de **comparsa** para as “Pitufas” Nerea Fontela, Laura García, Melani Orizales e Marina Morales, de 1º e 2º de Bach., que nos amenizaron con un “pitufobaile” moi gracioso e divertido; e na modalidade de **carautas** o premio deste ano foi para Luis Pena de 4º de ESO A.







Ademais, este ano tivemos a novidade da representación dunha obra de teatro titulada “O velorio”, escrita e dirixida pola profesora de Lingua Galega Almudena Falcón, na que participou parte do alumnado de 1º ESO A




**Lidia Rodríguez e Esteban Galcerán** (arriba esquerda), **Lidia Rodríguez, Christian Pérez, Marcos Pérez, Almudena Falcón, e Juan Carlos Hernández** (arriba dereita), **Ángela Valadés e Arancha Breijo** (centro dereita), **Viviana e Tatiana** (centro esquerda); **Lidia Alves e Shair Abella** (centro), **Christian Pérez** (abaixo esquerda), **Luz Insua** (a vicedirectora) e **Fran Breijo** (o da cafetería) (abaixo centro) e **Camila Santos** (abaixo dereita)





# LETRAS GALEGAS 08



Este ano o día das Letras Galegas estaba adicado a Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez. Durante toda a semana leváronse a cabo distintas actividades culturais na súa honra.

O día 16 de maio celebrouse un festival na Casa da Cultura do Concello no que participaron o grupo de gaitas *San Xiao do Trebo* (foto de arriba); as alumnas Natalia Novo e Yasmina e o alumno Aitor Piñeiro (foto centro esquerda arriba), do IES Cabo Ortegal, que



recitaron uns poemas de Xosé María Álvarez Blázquez e o grupo galego *Pé de boi* (abaixo), que contou coa colaboración espontánea de David, Aitor Piñeiro, Armando Santos e Brais que subiron ao escenario durante á súa actuación (centro esquerda abaixo).









*Sabes algo deles???*  
*Son os 15 máis buscados*  
*da semana.*  
*Ofrécese recompensa.*



Durante a semana do 19 ao 23 de maio, con motivo da Semana das Letras Galegas, houbo unha exposición na Biblioteca do instituto na que se puideron ver unha gran diversidade de libros e outros detalles curiosos.



**Cartéis do concurso que se organizou (arriba), panorámica xeral dos murais que se expuxeron (centro esquerda), vitrina con cousas curiosas e valiosas (centro dereita arriba), detalle dun libro de Blanco Amor (centro dereita abaixo) e algúns libros de Xosé M. Álvarez Blázquez que se puideron ver na exposición do IES Cabo Ortegal (abaixo)**





# DEPORTE NA ESCOLA



A profesora de Educación Física, Paula, pasando lista ao alumnado do 1º Ciclo da ESO

## No autobús

Moi tranquiliños durante a viaxe cara a competición deportiva en Ortigueira







**Kelly Villafane e Natalia Novo (arriba esquerda), Mari Luaces e Mary Ely Rodríguez (arriba dereita) e Macarena Castro e Elena Zara (centro dereita) loitando pola bola**

## Baloncesto

**Arkaitz Rodríguez (abaixo esquerda), Aitor Piñeiro e Iago Montero (abaixo centro) e Mari Luaces e Mary Ely Rodríguez (abaixo dereita) nalgúns momentos dos seus partidos**







# Bádminton

**Eduardo del Río, Armando Santos e Esteban Galcerán ante a atenta mirada de Lara Alvelo e Laura Ramos (fotos esquerda e abaixo) e Irune Irusta (foto dereita)**



# Balonmán

**Camila Santos soa ante o perigo (foto esquerda)**  
**Iago Montero a punto de rematar (foto dereita)**  
**As compoñentes do equipo feminino Camila Santos, Vanesa Muíño, Amanda Rodríguez, Esther Mandiá e Elena Zara (foto abaixo)**







Aitor Piñeiro e Armando Santos (arriba esquerda), Eduardo del Río, Manuel Pajón, a profesora Paula Vilariño e Esteban Galcerán (arriba dereita), o porteiro Carlos Álvarez, Aitor Piñeiro e Eduardo del Río (centro dereita)

# Fútbol



Sara Docanto e Vanesa Muño (centro arriba); Bárbara Pardo, Lidia Rodríguez, Shair Abella, e Amanda Rodríguez (abaixo)







Manuel Saras, Christian Pérez, Juan Carlos Hernández e David Castro esperando que a comece o xogo

# Voleibol

O gran salto de Sergio Alonso



Mary Ely Rodríguez e Mari Luaces



Sara Docanto, intentando coller a bola,  
Lidia Alves, Yioselín Meza, Vanesa Muiño  
e Esther Mandiá

Yioselín Meza, Bárbara Pardo, Vanesa Muiño, Irune Irusta, Esther Mandiá e Amanda Rodríguez





# X a d r e z



**Natalia Novo e Kelly Villafane (arriba esquerda), Julia Novo (arriba dereita) e Anael López (centro esquerda) xogando coa cabeza**



**Adán Pita e Mary Ely Rodríguez atentos á xogada de Xeila (centro dereita) e Anael López, Luis Pena, Mary Ely Rodríguez, Adán Pita, Kelly Villafane, e Mary Luaces divertíndose (abaixo)**







**Aitor, Julia Novo, Anael López, Andrea Pernas, María, Mari Luaces, Diolvis, Patricia, Gabriel Díaz, Sara Pena, Sofia, Arancha Breijo, Tamara, Moisés, David, Sebastián, Adán Pita, Alejandro, Adán, Luis, Luis Pena, Damián, Eloy Lago (arriba)**

**Mari Luaces, Aitor, Luis Pena, Eloy Lago, Gabriel Díaz, e Adán (esquerda)**

**Mari Luaces, Luis Pena, Aitor, Gabriel Díaz María Martínez, José Luis López e Elisa Álvarez (abaixo)**



# Salou





**José Luis López, Sebastián,  
Mari Luaces, María,  
Patricia, Sara Pena,  
Andrea Pernas e Julia  
Novo, nas cabinas do Camp  
Nou (dereita)**

**Aitor, David, Anael López,  
Sara Pena, Elisa Álvarez,  
Mari Luaces, Patricia,  
Arancha Breijo, Diolvis,  
Gabriel Díaz, Tamara, Luis  
Pena, Julia Novo, Andrea  
Pernas, Damián, Eloy Lago,  
José Luis López, Adán Pita  
e María Martínez (abaixo)**







**Adán, Mari Luaces, Gabriel Díaz  
Elisa Álvarez, María Martínez e Arancha Breijo**



**Luis Pena, Aitor, David, Eloy Lago, Adán, Mari Luaces,  
Arancha Breijo e Gabriel Díaz**

**Aitor, Anael López, Andrea Pernas, María, Julia Novo, Patricia, Sara Pena, David, Sofía, Sebastián, Alejandro, Damián,  
Moisés, Luis Miguel, Eloy Lago, Diolvis, Gabriel Díaz, Mari Luaces, Arancha Breijo, Tamara, Adán Pita, Adán, e Luis Pena**







Anael López, Adán, David, Gabriel Díaz, Mari Luaces, Arancha Breijo, Sara Pena, Julia Novo, Diolvis, Damián, Luis Miguel, Patricia, Andrea Pernas Adán Vale, Eloy Lago, María Martínez, Elisa Álvarez, Aitor e Luis Pena (arriba)  
Gabriel Díaz, Arancha Breijo, Luis Pena, Eloy Lago, Mari Luaces, Aitor, Adán, Tamara, Alejandro, Damián, Luis Miguel, Adán Pita, Julia Novo, Patricia, Andrea, Sofía, Sara Pena, e Anael López no Camp Nou (abaixo)







**Carmen, Adriana Gómez, Alejandro Iglesias, Nicolás López, Andrés Fernández, David Cortés, Elena Armada, Marta, Ana Crespo, Patricia Alonso, Tamara Miranda , e Junet Fernández no aeroporto antes de partir rumbo a Madrid**

# Madrid

Sáímos do instituto ás nove da mañá en dirección ao aeroporto da Coruña onde tivemos que esperar moito tempo xa que o avión saíu con moito retraso. Cando chegamos fomos en metro até o centro de Madrid para deixar a equipaxe e, moi rapidamente, a xantar.

Co estómago cheo e un pouco descansados fixemos unha visita ao Museo do Prado e, ao rematar, demos unha voltiña por Madrid. Ás sete da tarde acercámonos a recoller as entradas do musical *Hoy no me puedo levantar* cuxa representación encantounos, incluso emocionounos, a todos e todas. Cando rematou o festival fomos a cear a un restaurante 24 horas e despois directamente ao hotel porque ao día seguinte había que levantarse moi cedo.

Despois de levantarnos e almorzar collemos o metro ata unha praza onde nos esperaba un bus para levarnos ata o plató de “Cuatro”. Alí tivemos que esperar un bo anaco e fomos agasallados cun bocadillo de queixo e unha botella de auga. Cando nos chamaron entramos e vimos a moitos famosos: Esther (Fama), Gonzalo Miró, Concha García Campoy, Manolo Lama, ...

Cando rematou o programa fomos a comer e logo a recorrer Madrid no tempo libre que nos deixaron. Sobre as sete da tarde, xa con Cristina e Consuelo, vimos a Praza Maior, a Cibeles, o Oso e



**Jéssica Rubido, Lorena Pedre, Cristina López, Elena Armada, Ana Crespo, Marta, Patricia Alonso, Adriana Gómez, Tamara Miranda, Alejandro, David Cortés, Andrés Fernández e Nicolás López despois de visitar o Museo do Prado**

o Madroño, a Catedral da Almudena, ... e de volta ao hotel onde algúns quedamos e outros foron a dar unha voltiña con Consuelo.

A viaxe estaba a piques de rematar. Levantámonos moi cedo, fixemos as maletas, almorzamos, collemos o metro para dirixirnos ao aeroporto, subimos ao avión rumbo á Coruña onde nos esperaba o autobús para traernos de volta ao instituto e ás nosas casas.



**Jéssica Rubido, Lorena Pedre, Adriana Gómez, Carmen, Elena Armada, Marta, Ana Crespo, Tamara Miranda, Patricia Alonso, Junet Fernández, Andrés Fernández, David Cortés, Nicolás López e Alejandro diante da Cibeles**





Consuelo Benito e Cristina López, Lorena Pedre, Tamara Miranda, David Cortés, Patricia Alonso, Junet Fernández, Andrés Fernández e Nicolás López, diante dunha das figuras máis representativas da capital de España

Por certo, aproveito este momento para agradecer a Cristina e Consuelo que viñeran connosco.

**MOITAS GRAZAS!!**



Patricia Alonso, Tamara Miranda, Lorena Pedre, Andrés Fernández, Nicolás Rey, Elena Armada, Ana Crespo e Marta nun paseo nocturno

1º BAC. A

Jéssica  
RUBIDO  
SOTO







**Jéssica Rubido, Moisés, Nicolás López, Carmen, Clara Castro, María Barcia, Carmen Tojeiro, Presentación Jorge, Fabio de la Cruz, Ana Facal, Consuelo Bouza, Patricia Alonso, Virginia Martínez, Laura Quiza, Mónica Alonso, Purificación Isla na Muralla de Lugo**

# Lugo

Pertenzo a un grupo de alumnos/as da ESA que fomos de excursión motivados pola nosa profesora Ana que, ao igual que o resto do profesorado, fan espertar en nós a curiosidade pola aprendizaxe. Tamén foron os/as alumnos/as de 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato coa súa profesora Consuelo Bouza de Latín e Grego.

Todo empezou un bo día cando Ana nos impartía as diferentes etapas dos nosos antepasados e decidiu que xa era hora de saír da disciplina da aula e palpar os coñecementos adquiridos polo seu bo alumnado.

Durante esta excursión tivemos a oportunidade de coñecer o Museo e as Murallas de Lugo, dando fe de que miden máis de 2 Km., normal que as nomearan patrimonio da humanidade pola súa gran beleza. Visitamos a Catedral de estilo románica onde enmudeces ao contemplar as súas bóvedas de canón, así como a porta norte coas súas arquivoltas. Non deixa de sorprenden a súa fermosura, agora mellor entendida.



E aínda non cheos de arte, pero si co estómago baleiro, fomos ás Termas, un centro comercial. Ai, se nos viran os nosos antepasados! Entre bocado e bocado cada un de nós comentou o visto e foi cando me dei conta do ilusionados que estabamos e do instrutiva que estaba a ser a excursión.

A guinda do pastel foi visitar o Castro de Viladonga, un museo arqueolóxico que recolle os achados do xacemento galaico-romano e onde un guía nos foi explicando como vivían, a que se dedicaban, ..., á vez que observabamos e pisabamos as ruínas.

De camiño á casa e xa no autobús uns (os entrados en anos) íamos exhaustos, mentres que os máis novos amenizaban a viaxe coas súas cancións.

Persoalmente chamoume a atención o carácter informal e flexible que se respiraba, e moi contenta de levar comigo máis coñecementos.

Tamén quixera agradecer a excursión que previamente fixemos co noso titor Camilo Soto, que nos levou a dar un paseo polas letras.

4º ESA

Gema  
LÓPEZ  
CASAL



**María Barcia, Gema López, Ana Facal, Carmen Tojeiro, Consuelo Bouza, Presentación Jorge, Clara Castro, Carmen, Virginia Martínez, Patricia Alonso, Laura Quiza, Mónica Alonso, Jéssica Rubido, Fabio de la Cruz, e Purificación Isla**







**Mari Luaces, Noel Yáñez, Carlos Garrote, Manuel Domínguez, Iago Montero, Diego Santiago, Eduardo Rodríguez, Ángela Valadés, Miguel Lorenzo, Lara Fontela e Natalia Novo no estudio da televisión *Localia***



# Ferrol

**O grupo atendendo ás explicacións do técnico de imaxe e son (esquerda)  
Beatriz Méndez, amosando como se traballa en *Localia*, Mari Luaces, Noel Yáñez, Manuel Domínguez, Ángela Valadés, Eduardo Rodríguez, Natalia Novo, Iago Montero, Lara Fontela e Diego Santiago (abaixo)**







Mónica Méndez, Ángela Valadés, Noel Yáñez, Mari Luaces, Diego Santiago, Iago Montero, Manuel Domínguez, Carlos Garrote e Lara Fontela, atendendo as explicacións sobre o museo da imprenta que posúe o *Diario de Ferrol*

Manuel Domínguez, Iago Montero, Ángela Valadés, Noel Yáñez, Mari Luaces, Eduardo Rodríguez, Miguel Lorenzo, Diego Santiago, Natalia Novo, Lara Fontela e Carlos Garrote ao rematar a visita ás instalacións do *Diario de Ferrol*





# ENTREVISTA A QUECO PIÑA, JONATHAN PEREIRA E JOHANN CHARPENET XOGADORES DO RACING DE FERROL

Este curso a entrevista no apartado de deporte feita pola redacción da revista *Golfiño*, Lara Fontela, Mari Luaces, Noel Yáñez, Ángela Valadés e Carlos Garrote, foi aos xogadores do Racing de Ferrol Queco Piña, Jonathan Pereira e Johann Charpenet.

Como novidade acompañáronnos ao campo da Malata un selecto grupo do noso alumnado da ESO formado por Natalia Novo (2ºA), Iago Montero (2ºB), Diego Santiago (3ºA), Miguel Lorenzo (3ºB), Manuel Domínguez (4ºA) e Eduardo Rodríguez (4ºB) que tamén colaboraron facendo algunhas preguntas aos entrevistados.



Os adestradores Juan Veiga e José Veiga, Antonio Aneiros, e o *manager* xeral Gerardo Molina pendentes de nós

Parte do grupo fotografados por un periodista da Voz de Galicia mentres eran atendidos por Ceballos e Keita



O recibimento por parte de todos, directivos, xogadores e incluso periodistas deportivos, foi excelente en todo momento. Nada mais chegar fomos a ver ao equipo que estaba adestrando e despois fixemos un percorrido polas instalacións: campo da Malata, vestiarios, sala de trofeos, sala de prensa, ...

Mentres íamos visitando as instalacións fomos obxecto do interese da prensa deportiva alí desprazada que nos tiraron un feixe de fotos (A voz de Galicia e o Diario de Ferrol) e incluso graváronnos para algunha televisión (Localia). Ademais déronnos unha grata sorpresa ao deixarnos entrar con eles na sa onde fixeron a rolda de prensa que tiveron cos xogadores e co adestrador



Despois da rolda de prensa tivemos que esperar un anaquiño a que os xogadores se arrombasen para a entrevista que lle íamos facer. Mentres, o noso anfitrión Gerardo Molina agasallounos cuns pósters dos xogadores, firmados por eles, e uns pins do Racing de Ferrol. Todos estabamos moi nerviosos porque chegara o momento de comezar a traballar!



